



**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

ayuntamiento@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tífnos. 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax. 986 554 069

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL
DE VILANOVA DE AROUSA CELEBRADA O DÍA 27 DE XANEIRO DE 2014.**

ASISTENTES

Alcalde: Gonzalo Durán Hermida

Concelleiros/as:

Partido Popular (P.P): Áurea Bermúdez Oubiña; Ana María Carballa Magariños; José Luis Novo Galbán; Manuel Sineiro Cores; Dorinda Rosa Pérez González; Alejandro Costa Piñeiro; Benito Portas Blanco; José Portas Núñez; D^a María Rosa Rodríguez Lago. A concelleira D^a Nuria Morgade Pouso incorporouse ao Pleno ás 20,35 horas despois de rematar a votación do punto primeiro da sesión.

Escusou a súa ausencia D. Julio Varela Núñez.

PSdeG-PSOE: María José Vales Martínez; José Luis Tourís Oubiña e D^a María Ángeles Pérez Piñeiro.

BNG: María do Carme Alfonso Leiro e Juan Luis Nogueira Moure.

Secretario Xeral: Javier Bouzada Romero.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, sendo as 20,30 horas do día 27 de xaneiro de 2014, previa convocatoria, reúnen-se en primeira convocatoria os señores/as concelleiros/as integrantes do Pleno da Corporación relacionados co obxecto de celebrar sesión ordinaria do mesmo.

Na sesión tratáronse os seguintes asuntos:

1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS ANTERIORES.

Por 13 votos a favor (PP e PSdeG-PSOE) e 2 abstencións (BNG), aprobouse o acta da sesión ordinaria anterior celebrada o día 25 de novembro de 2013.



**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

ayuntamiento@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tífnos. 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax. 986 554 069

2º.- ENTREGA DA SEGUINTE DOCUMENTACIÓN: COPIA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA ADOPTADAS DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.

Acto seguido faise entrega aos voceiros dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e do BNG das copias das resolucións da Alcaldía adoptadas desde o último pleno ordinario celebrado o día 25 de novembro de 2013.

3.- MOCIÓNS.-

A) DO BNG:

A.1. CONTRA A SUBA NA TRIBUTACIÓN DAS PERSOAS AUTÓNOMAS E PEQUENAS EMPRESAS.-

Pola voceira do BNG D^a M^a do Carme Alfonso Leiro dáse lectura ao texto da moción e se defende a súa oportunidade argumentando que os incrementos por tributos e cotizacións sociais que se están a impor aos traballadores están abocando a estes á economía somerxida.

Polo PSdeG-PSOE o seu voceiro D. José Luis Tourís Oubiña manifesta que o seu grupo votará a favor da moción manifestando que se debe protexer aos traballadores autónomos e pequenas empresas.

O Alcalde manifesta que está de acordo en case todo coa moción solicitando do BNG que accede a substituír o termo "grandes empresas" polo de "grandes fortunas", petición a que accede o grupo do BNG.

Sometida a moción a votación foi aprobada por unanimidade polo que o Pleno acorda:

Instar á Xunta de Galiza a:

1.- Demandar do Goberno do Estado a un posicionamento contrario a calquera suba nas cotizacións para persoas autónomas e pequenas empresas.

2.- Demandar do Goberno do Estado aprobar as reformas legislativas necesarias de cara a promover unha reforma fiscal verdadeiramente progresiva, que grave as grandes fortunas e os grandes beneficios, persiga a fraude fiscal e non incremente as cargas sobre as persoas autónomas e grandes empresas.



Concello de Vilanova de Arousa

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

ayuntamiento@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tífnos. 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax. 986 554 069

3. Pór en práctica políticas activas de emprego en Galiza, como mellor mecanismo para garantir a sustentabilidade da Seguridade Social, con especial incidencia nas políticas sobre a mocidade e as mulleres, os segmentos máis vulnerábeis para a obtención de emprego.

A.2. SOBRE ALUGUER DA NAVE MUNICIPAL DO POLÍGONO DE TREMOEDO E SOBRE ALUGUER DE NAVES NO POLÍGONO DE BAION

Pola voceira do BNG D^a M^a do Carme Alfonso Leiro dáse lectura ao texto da moción e se procede a súa xustificación. Polo PSdeG-PSOE o seu voceiro D.José Luis Tourís Oubiña manifesta que está de acordo co texto de moción no relativo a nave de Tremoedo.

O Alcalde manifesta que o seu grupo político non apoiará a moción no apartado da nave de Tremoedo xa que está a ser utilizada polos veciños para diversos fins culturais e deportivos e porque no propio Polígono existen naves valeiras que poden ser alugadas polos seus propietarios. Respecto ao Polígono de Baión entende que non procede neste intre incrementar o gasto público propoñendo que se modifique a moción no senso de engadir un novo apartado para solicitar da empresa Solo Industrial do Atlántico (SEA) que se proceda a pór en aluguer con opción de compra as parcelas de polígono de Baión cunha carencia de cinco anos, prazo que permitiría ás empresas construír ás naves sempre que tiveran acceso ao crédito.

Tras unha serie de matizacións os tres grupos políticos municipais pactan votar por separado os tres puntos da moción.

O apartado primeiro da moción, relativo á nave municipal de Tremoedo foi rexeitado por 14 votos en contra (PSdeG-PSOE) e 2 a favor (BNG).

O apartado segundo da moción, relativo á solicitude de creación pola Xunta de naves no Polígono de Baión para aluguer con opción de compra, foi rexeitado por 14 votos en contra (PSdeG-PSOE) e 2 a favor (BNG).

O apartado terceiro foi aprobado por unanimidad quedando aprobado coa seguinte redacción: Solicitar da empresa Solo Industrial do Atlántico (SEA) que se proceda a pór en aluguer con opción de compra as parcelas de polígono de Baión cunha carencia de cinco anos.

B) DO PSdeG-PSOE.-



Concello de Vilanova de Arousa

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

ayuntamiento@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tífnos. 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax. 986 554 069

B.1. SOBRE COBERTURA DO POSTO DE TRABALLO DE INTERVENTOR/A XERAL DO CONCELLO.

Polo voceiro do PSdeG-PSOE D. José Luis Tourís Oubiña se inicia a lectura do texto da moción. Dada a súa extensión, o Alcalde manifesta que está de acordo na proposta do grupo municipal socialista sobre a necesidade de que un Interventor habilitado nacional ocupe o posto de traballo dada a transcendencia das funcións que se lle atribúen coa recente reforma do réxime local que entrou en vigor hai menos dun mes. Tras matizar o texto a votar, a moción se somete a votación sendo aprobada por unanimidade polo que o Pleno acorda:

Primeiro.- Non informar favorablemente a renovación da comisión de servizos do funcionario habilitado estatal titular do posto de traballo de Interventor Xeral deste concello que remata o vindeiro día 9 de abril de 2014 para o desenvolvemento de igual posto no concello de Mos (Pontevedra).

Segundo.- Para o suposto de que antes ou despois da dita data o posto de traballo quede vacante por obter o seu titular outro destino definitivo no concurso de traslados, acordase solicitar da Dirección Xeral de Administración Local da Consellería da Vicepresencia e Consellería de Administracións Públicas e Xustiza que, previos os trámites previstos no Decreto 49/2009, de 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal, designe a un funcionario/a habilitado nacional para ocupar o dito posto de traballo á maior brevidade posible, ben mediante comisión de servizos ou ben mediante nomeamento provisional ata a súa cobertura definitiva por concurso de traslados.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

A) BNG.

D^a Carmela Alfonso Leiro formulou ás seguintes preguntas:

--Sobre os semáforos de A Pantrigueira, contestándolle o Alcalde que se trata dunha estrada autonómica e que xa foi posto o asunto, de xeito reiterado, en coñecementos dos seus responsábeis.



Concello de Vilanova de Arousa

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

ayuntamiento@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tífnos. 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax. 986 554 069

--Sobre as augas medicinais de Currás. O Alcalde lle contesta que descoñece se a empresa que ía a realizar as catas presentou ante a Administración competente o seu informe. En todo caso manifesta que o concello cos seus propios medios podería tmáen realizar esas catas.

--Sobre un pago de 1.200,00 euros aprobado na Xunta de Goberno do 26 de novembro para adquirir mobiliario con cargo a axudas de emerxencia social. O Alcalde manifesta que descoñece o asunto pero insta a concelleira a que se dirixa á Interventora accidental para que llo aclare.

--Sobre o lavadoiro de As Sinas. O Alcalde contesta que se instalará unha nova cuberta.

--Sobre os estado da estrada de As Sinas con bolsas de auga e beirarrúas estreitas. O Alcalde manifesta que a estreitece das beirarrúas veu motivada polo feito de que os veciños no seu día non quixeron ceder máis espazos. Analizando o estado das mesmas acordase solicitar da Deputación que se procede a rematar o trozo de muro no lugar coñecido como "a de Vidal".

--Roga que se poñan pegatinas nos contenedores de lixo recordando o teléfono do servizo de recollida de voluminosos.

--Roga que o vindeiro 24 de febreiro de 2014, data do cabodano do nacemento de Rosalía de Castro, os servizos de cultura do concello organicen algún acto para enxalzar a súa figura.

--Para rematar pregunta pola construción do Centro de Día a construír no Pazo de Vista Real que foi rexeitado pola Conselleira de Traballo e Benestar. O Sr. Alcalde manifesta que enterouse pola prensa desa decisión e que vai a solicitar por escrito á Xunta que motive a súa negativa a construílo.

B) PSdeG-PSOE.-

D^a M^a José Vales Martínez formulou ás seguintes preguntas:

--Reitera a pregunta sobre o Centro de Día, remitíndose o alcalde á resposta anterior.

--Sobre o custo do recente viaxe do Alcalde a Augascalientes (México). O Alcalde manifesta que o viaxe foi financiado pola Mancomunidade do Salnés que solo tivo que pagar o billete xa que a estancia correu a cargo deas



**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

ayuntamiento@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tífnos. 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax. 986 554 069

autoridades mexicanas, engadindo que ao concello non lle custou ningún euro. De seguido explica o resultado das súas xestións.

--Sobre o soldo do Alcalde. Este manifesta que aclarado polo MINHAP o alcance da norma que fixa o soldo máximo do Alcalde deste concello en 50.000,00 euros anuais desde o día 1 de xaneiro de 2014, procederase a cumprir sen máis coa lei.

O concelleiro e voceiro D. José Luis Tourís Oubiña pregunta sobre o expediente de recuperación do camiño de As Aceñas en Baión, contestándolle o Alcalde que está en tramitación.

E non habendo mais asuntos de que tratar levantouse a sesión sendo as 21,30 horas do que se estende o presente acta da que como Secretario Xeral certifico e dou fe.